

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Secretaría

Investigación da titularidade do camiño das Laxes

ANUNCIO

INCOAR EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE DO CAMIÑO PÚBLICO DAS LAXES

O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, na sesión ordinaria do 28/05/2026, aprobou o seguinte ACORDO

“8. INCOAR EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE DO CAMIÑO DAS LAXES

O Sr. Alcalde, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

Sendo necesario por presentarse dúbidas sobre a titularidade do seguinte inmovible CAMIÑO DAS LAXES derivadas do exame dos expedientes relacionados co presente.

Ben/é:	CAMIÑO DAS LAXES
Ref. catastral:	5073A061090030000FR
LOCALIZACIÓN	Polígono 61 Parcela 9003 de Rianxo, a Coruña

As Corporacións Locais teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste, a fin de determinar a titularidade dos mesmos.

Con data 26.05.2026 emitese providencia de Alcaldía fase previa de investigación titularidade do camiño 5073A061090030000FR solicitando a secretaria informe xurídico e incorporando o expediente os documentos obrantes no expedientes relacionados, en concreto:

- Informe de data 7 de abril de 2022 da policía local no que se sinala entre outras cuestións:

“Inspeccionada a zona, o terreo en cuestión parece un ramal do camiño principal que da acceso unicamente a propiedades privadas do lugar polo que cumpriría consultar o catastro do ano 1956 a efectos de determinar a súa si se trata dun camiño público ou unha servidume de paso e a súa vez requirir ós propietarios para que aporten copia das escrituras de compravenda que teñan no seu poder a fin de determinar mais aproximadamente a situación de dito camiño.

Preguntado o propietario da propiedade identificada como A, manifesta que se trata dun camiño de servidume de paso para catro propiedades, que no seu momento aportou documentación varia no concello que refenda ditas manifestacións e que ten que deixar unha servidume de paso para un portal de a pé para a finca colindante.

Preguntada a representante legal dos propietarios da propiedade identificada como B, manifesta que se trata dun camiño público inscrito como tal, que limita coa propiedade do seu representado Ramón Otero Allo e que aporta tres fotografías (nº 2 a 4 a.i.) de estado onde se pode apreciar como a vivenda tiña fachada principal lindando co camiño e como a propiedade identificada como A se atopa pechada perimetralmente deixando fora o camiño en cuestión.”

- Documentación aportada por D. Ramón Otero Allo en data 23 de maio de 2022.

- Informe do Arquitecta Municipal 28.07.2022 que sinala:

1- Segundo as instrucións e criterios de asignación da referencia catastral dos bens inmoables, a referencia catastral dos recintos de dominio público en solo rústico, denominados “descuentos” con anterioridade ao Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, terán a mesma estrutura que actualmente teñen os bens inmoables rústicos e se lles asignará un número de parcela comprendido entre 09001 e 09999.

A referencia catastral do camiño, 15073A061090030000FR, indica que é de dominio público.

2- Na escritura que achega D. Ramón Otero Allo, descríbese no nº 4 unha finca de urbano coñecida como “Lagar” que linda ao sur e oeste con camiño, que se correspondería co inmovible con referencia catastral 15073A061001000000FT.

3. Segundo o plano de catastro do ano 2002 figura o camiño, coincidente coa división de polígonos 61 e 59 e como parte del o ramal entre as parcelas 649,647,272.

4. Na visita ao lugar, compróbase que se derrubaron algunhas construcións que configuraban o camiño e que o tramo de camiño delimitado polas parcelas catastrais 648, 649, 100, do polígono 61 e a parcela 002101100NH12F está pechado polas obras executadas por D. Roberto Fernández Muñiz.

Considerando o informe de secretaría on data 26 de maio de 2026 emitido no expediente 2026/X999/000989 solicitado por providencia de 26 de maio de 2026 coas seguintes conclusións

“Da análise dos documentos que constan neste expediente compre sinalar que dos documentos incorporados e obrantes nos expedientes relacionados parece existir indicios do carácter público do camiño se ben constan documentos coma o informe policial que se acompaña no que a xuízo dos informantes e da documentación obrante no concello podería tratarse dunha servidume de paso.

A maiores compre sinalar que consta un expediente de orde de execución (2023/I004/000001) incoado no ano 2023 que resolvía que se procedese a retirada das portas que impiden o tránsito do camiño público.

Compre sinalar que a devandita actuación, de plantexarse as dúbidas sobre a titularidade do camiño onde están situadas as mesmas debería terse realizado con posterioridade a determinación da mesma mediante o expediente de investigación que agora se pretende abrir.

A modo de conclusión, parece existir unha dúbida razoable sobre a titularidade pública ou privada do camiño, polo que a apertura dun expediente de investigación onde se determine a natureza do mesmo resulta aconsellable todo elo sen prexuízo do xa sinalado anteriormente. “

En virtude artigos 4.1.d), 22.2 j) e 68 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local Propoño o pleno a adopción da seguinte proposta unha vez se emita ditame da comisión informativa :

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade dos seguintes bens ou dereitos:

Ben/é:	CAMIÑO DAS LAXES
Ref. catastral:	5073A061090030000FR
LOCALIZACIÓN	Polígono 61 Parcela 9003 de Rianxo, a Coruña

que presuntamente pertencen á Corporación Local e solicitar dos Rexistros que procedan cantos antecedentes e datos consten relativos ao Camiño investigado incorporándose ao expediente as certificacións que se expidan a este efecto.

SEGUNDO. Publicar o acordo de iniciación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no do Municipio de Rianxo; ademais estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Rianxo

Así mesmo expor no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo no que radiquen os un exemplar dos devanditos boletíns durante un prazo de quince días.

TERCEIRO. Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia para que, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

CUARTO. Notificar aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

QUINTO. Abrir trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.

SEXTO. Finalizado o prazo para presentar alegacións, abrir un período de proba por prazo de 10 días no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a Dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

SÉTIMO. Practicadas as probas e valoradas polos Servizos da Corporación, pór de manifesto o expediente ás persoas a quen afecte a investigación e houberen comparecido nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Rianxo, mércores a 1 de xullo de 2026

O Alcalde, Julian Bustelo Abuín